

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

12752 *Real decreto 1302/2009, do 31 de xullo, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro de 2007, polo que se establecen disposicións específicas con respecto ao sector das froitas e hortalizas, se modifican as directivas 2001/112/CE e 2001/113/CE e os regulamentos (CEE) n.º 827/68, (CE) n.º 2200/96, (CE) n.º 2201/1996, (CE) n.º 2826/2000, (CE) n.º 1782/2003 e (CE) n.º 318/2006 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2202/96 no relativo aos fondos e programas operativos, supuxo a reforma da organización común de mercados do sector de froitas e hortalizas e, en concreto, estableceu novas disposicións relativas a fondos e programas operativos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Este regulamento desenvolveuse polo Regulamento (CE) n.º 1580/2007, da Comisión, do 21 de decembro de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación dos regulamentos (CE) n.º 2200/1996, (CE) 2201/1996 e (CE) 1182/2007.

Posteriormente, o Regulamento (CE) n.º 361/2008, do Consello, derogou o Regulamento (CE) n.º 1182/2007 e incorporou totalmente no Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM) os sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas.

En suma, os regulamentos actualmente vixentes, tras as modificacións e derogacións salientadas, son, por un lado, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007 e, por outro, o Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, tras as últimas modificacións, incluída a realizada polo Regulamento (CE) n.º 1327/2008 da Comisión, do 19 de decembro de 2008.

Contén este real decreto unha disposición adicional pola que, con carácter xeral, se establece que as remisións ao Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro de 2007, contidas no Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, se deben entender realizadas ao Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007.

O Real decreto 864/2008, do 23 de maio, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, desenvolveu a nivel nacional as disposicións necesarias relativas a programas e fondos segundo a nova normativa comunitaria.

O primeiro ano de aplicación da nova normativa puxo de manifesto a necesidade de modificar algúns aspectos que se recollían no Real decreto 864/2008, do 23 de maio, ben por modificación da propia normativa comunitaria, ben por necesidades de clarificación. Aínda que non se trata de cambios profundos, por seguranza e claridade xurídica resulta conveniente a publicación dun novo real decreto.

Por outra parte, a normativa comunitaria obriga os Estados membros a regular as actuacións subvencionables no marco dos programas operativos. Por seguranza xurídica, é necesario que a dita lista se estableza nunha norma, e por iso se inclúe como anexo no real decreto.

Dado que na reforma da OCM se permite que os programas operativos aprobados conforme a normativa anterior se manteñan ata a súa finalización conforme a dita normativa, o que se pode estender ata o ano 2012, é preciso manter temporalmente algúns artigos do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das

organizacións de produtores de froitas e hortalizas, como marco legal para os ditos programas.

Finalmente, é necesario establecer disposicións transitorias que sigan permitindo un paso axeitado entre a antiga e a nova normativa.

Por último, convén facultar o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar a lista de medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto, sempre que as ditas modificacións se encontren en liña coa normativa comunitaria, dado que se trata dunha lista dinámica.

Por outra parte, é preciso modificar o Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, co fin de detallar determinados aspectos relativos á contratación de actividades das organizacións de produtores con outras entidades.

Optouse por fixar esta normativa básica mediante real decreto debido ao seu carácter marcadamente técnico e á súa frecuente modificación con base nas normativas comunitarias, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece a normativa básica no relativo aos fondos e programas operativos en desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM) e do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación dos regulamentos (CE) n.º 2200/1996, (CE) n.º 2201/1996 e (CE) n.º 1182/2007, do Consello, no sector das froitas e hortalizas.

2. Este real decreto aplicarase ás organizacións de produtores recoñecidas de conformidade co artigo 125 ter e o número 2 do artigo 203 bis do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, así como ás asociacións de organizacións de produtores recoñecidas en virtude do artigo 125 quáter e número 2 do artigo 203 bis do citado Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto establécense as seguintes definicións:

a) «Autoridade competente»: será o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a sede social da organización de produtores, ou das asociacións destas.

b) «Filial»: no marco da definición recollida no artigo 21.1. letra b) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, e para os efectos do cálculo do valor da produción comercializada á saída de filial, a partir deste momento «VPC», entenderase que é calquera entidade xurídica constituída ou que se constituía coa finalidade de levar a cabo a comercialización de froitas e hortalizas, ben como produto fresco ou despois da súa transformación por unha ou máis organizacións de produtores, asociacións de organizacións de produtores ou pola propia filial.

A filial poderá realizar esta comercialización ben tras unha venda en firme dos produtos da organización de produtores, ben mediante un contrato de servizos coa organización de produtores ou ben tras a posta a disposición ou entrega dos produtos.

c) «Medida»: conxunto de accións que se poden incluír nun programa operativo. As medidas elixibles nestes programas operativos establécense no anexo X deste real decreto.

d) «Acción»: conxunto de actuacións en que se pode dividir unha medida.

e) «Actuación»: conxunto de investimentos e conceptos de gasto en que se pode dividir unha acción.

f) «Investimentos e conceptos de gasto»: unidades identificables física e orzamentariamente en que se pode dividir unha actuación.

g) «Directrices nacionais para accións ambientais»: instrucións para a elaboración dos pregos de condicións relativas ás medidas ambientais a que se refire o artigo 103 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, e o artigo 58 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

h) «Custos específicos»: os custos convencionais, calculados como a diferenza entre os custos tradicionais e os custos realmente contraídos conforme o establecido no anexo VIII do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

CAPÍTULO II

Valor da produción comercializada

Artigo 3. *Definición e cálculo.*

1. Entenderase como VPC o valor contable da produción dos membros da organización de produtores, que estean dados de alta no período de referencia para a cal esta se encontra recoñecida, calculado segundo o disposto no artigo 52 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, e neste capítulo, e da produción comercializada pola dita organización no citado período que produciron membros doutras organizacións de produtores conforme o artigo 125 bis, parágrafo 2, letras b) e c) do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello.

2. No caso de que, conforme o número 2 do artigo 125 bis do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, unha organización de produtores autorice os seus socios a comercializar a través doutra organización algún produto, débese cumprir que:

a) O dito produto deberá ser comercializado na súa totalidade por outras organizacións de produtores e nunca pola que realizou a autorización.

b) O socio autorizado deberá comercializar toda a cantidade dese produto a través dunha soa organización de produtores.

3. O importe dos produtos vendidos xustificarase mediante a achega da correspondente documentación contable que o acredite nas condicións establecidas polo artigo 52 do Regulamento (CE) 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, referidas, exclusivamente, a produtos para os cales a organización de produtores estea recoñecida, procedentes dos propios socios produtores ou de socios doutras organizacións de produtores que cumpran co establecido no número 2 deste artigo e deducindo, se é o caso, os importes recollidos no artigo 6 deste real decreto. Entre a produción dos socios produtores poderase contabilizar a produción da propia organización de produtores.

En caso de que a organización non teña diferenciados contablemente os importes das vendas dos produtos dos seus socios, de socios doutras organizacións e das vendas de produtos adquiridos a terceiros, a entidade deberá xustificar o método polo cal obtivo o valor correspondente aos produtos dos socios e de socios doutras organizacións.

Así mesmo, en caso de que a organización non teña diferenciados contablemente os importes das vendas referidas exclusivamente a produtos para os cales estea recoñecida, a entidade deberá xustificar o método polo cal obtivo o valor correspondente aos produtos para os cales a organización de produtores está recoñecida e o do resto de produtos.

Todos os asentos contables estarán avalados por facturas expedidas conforme o Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido e, cando estas non sexan exixibles, por recibos asinados, extractos bancarios ou outros xustificantes que acrediten suficientemente os importes recibidos da venda de produtos, os cales se deberán presentar, por requirimento da Administración, para a verificación regulada no número 3.

4. O importe recollido no anterior número será obxecto dunha verificación antes da data límite para efectuar o pagamento da correspondente axuda comunitaria ao fondo operativo que se recolle no artigo 71 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

5. O valor dos subprodutos a que fai referencia o artigo 52.3 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, poderá ser incluído no valor da produción comercializada nas mesmas condicións do número 2 3 deste artigo.

6. Para os efectos do artigo 52.8 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, poderanse incluír no valor da produción comercializada as indemnizacións procedentes de seguros sobre as producións, percibidas en virtude de:

a) Pólizas contratadas, en concepto de asegurado, pola organización de produtores.

b) Aplicacións formalizadas polos socios a pólizas colectivas, sempre que estes designasen a súa organización de produtores como beneficiaria da indemnización.

7. Se a produción é comercializada a través dunha filial ou dunha asociación de organización de produtores (en diante AOP), o valor da produción comercializada poderase calcular na fase de saída filial ou asociación, sempre que se calcule conforme o establecido no artigo 4 deste real decreto.

A filial/AOP deberá contar con documentación que permita xustificar o valor que foi incluído no VPC da organización de produtores.

8. O valor da primeira transformación a que fai referencia o artigo 52.6.a) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, poderá ser incluído no VPC, tanto se a primeira transformación foi directamente realizada pola OP ou, de ser o caso, pola AOP, como se a actividade de transformación se externalizou de acordo co establecido no artigo 6, números 4 e 5, do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Artigo 4. Cálculo do VPC na fase de saída da filial e da asociación de organizacións de produtores e documentación que se presentará.

1. A organización de produtores que comercialice produto en fresco ou transformado a través dunha filial poderá calcular a parte correspondente do seu VPC á saída da filial sempre que sexa accionista desta e polo menos o 90 por cento do capital da dita filial estea en posesión dunha ou máis organizacións de produtores ou AOP ou ben en posesión dun ou máis membros de organizacións de produtores ou AOP que sexan cooperativas.

2. A organización de produtores que desexe calcular a parte correspondente do seu VPC á saída filial ou da AOP deberá comunicar a súa intención de calcular o valor dun determinado produto á saída de filial ou de AOP no seu VPC e se comprometa a incluír o dito valor na fase de saída filial durante todo o período do programa operativo, salvo en casos de forza maior. No caso dun produto de dobre aptitude para fresca e transformada, o valor do produto fresco poderá ser contabilizado á saída OP mentres que o valor do produto transformado poderá ser contabilizado á saída filial/AOP, se é o caso.

Esta comunicación e compromiso deberanse achegar no momento da presentación do primeiro ano dun novo programa operativo, segundo se establece nos artigos 13 e 14 deste real decreto. Non obstante, en caso de que se constituía ou recoñeza unha filial ou AOP durante o desenvolvemento dun programa operativo, a OP ou AOP poderá achegar esta comunicación e compromiso no momento da presentación do fondo operativo do ano seguinte a aquel en que a dita entidade foi constituída.

3. A organización de produtores que desexe calcular a parte correspondente do seu VPC á saída da filial ou da AOP deberá achegar xunto o compromiso establecido no número 2 deste artigo a seguinte documentación:

a) Datos das actividades que realizan coa organización de produtores, ben mediante contratación ou tras a venda en firme da produción.

b) Declaración da filial ou da AOP en que se compromete a permitir a realización dos controis físicos e administrativos que a autoridade competente considere oportunos para comprobar os aspectos relacionados co valor da produción comercializada e coa propiedade do capital social no caso da filial.

c) No caso da AOP, nome e número de recoñecemento e comunidade autónoma onde teña a súa sede social.

d) No caso da filial: CIF, nome, enderezo, código postal, municipio segundo o Instituto Nacional de Estatística, provincia, comunidade autónoma, Estado membro, teléfono, telefax, correo electrónico, forma xurídica, propietarios do capital social coa súa correspondente participación na entidade.

Calquera cambio que se produza nesta información deberá ser comunicado á autoridade competente. Este cambio poderá consistir na comunicación de filiais ou AOP de nova creación a través das cales a OP ou a AOP ten intención de comercializar e a cuxa saída pretende calcular o VPC.

4. Anualmente e xunto coa documentación a que fai referencia o artigo 10 deste real decreto, a organización de produtores presentará a seguinte documentación:

a) Certificado do valor da produción comercializada da filial ou AOP, correspondente á produción achegada pola organización de produtores e o método de cálculo do dito valor.

b) Informe da auditoría do certificado e do método de cálculo da letra anterior, realizado por auditores externos, que deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas ou noutro rexistro equivalente comunitario ou doutro país, no caso de que a auditoría fose levada a cabo fóra da Unión Europea.

Artigo 5. *VPC en caso de fusións de organizacións de produtores.*

En caso de fusións ou absorcións de organizacións de produtores e no suposto de que se recoñeza unha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedido da perda da cualificación como organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao, aínda que estas manteñan a súa personalidade xurídica, o VPC será a suma dos VPC de cada unha das organizacións de orixe.

Artigo 6. *Reducións que se aplicarán para o cálculo do VPC.*

1. Ao valor da produción facturada, comercializada pola organización de produtores, pola filial ou AOP, deberánse aplicar as seguintes reducións:

a) O importe dos gastos de transporte, de mercadoría envasada e preparada para a venda, pagados a terceiros que figure na contabilidade da entidade.

b) O importe dos servizos profesionais de comisionistas e axentes mediadores independentes nas vendas.

c) O importe dos descontos sobre vendas por pronto pagamento.

d) O importe das devolucións de vendas.

e) O importe dos rappels e descontos aplicados nas operacións de vendas.

f) O importe equivalente ao custo de amortización e de utilización de medios propios para o transporte de mercadoría envasada e preparada para a venda, se é o caso.

g) O importe equivalente ao custo da realización dunha segunda ou posterior transformación dos produtos realizada pola propia organización de produtores, se é o caso.

h) O custo do transporte entre o centro de acondicionamento do produto e o de saída a través da filial, sempre que a distancia entre ambos os dous puntos sexa importante, a

xuízo da autoridade competente, en caso de que se calcule o valor da produción comercializada na fase da saída filial.

i) Se é o caso, valor da produción dos socios que foi comercializada a través doutra organización de produtores, conforme o número 2 do artigo 3 deste real decreto.

Para poder aplicar as reducións previstas nas letras a), b), c), d) e e), será necesario que os importes correspondentes estean previamente contabilizados e que a redución se practique en consonancia cos respectivos asentos contables.

2. Nas organizacións de produtores situadas nas illas Canarias e Illas Balears, o custo do transporte interno entre o centro de envasado e o de distribución das ditas organizacións cando este estea situado nos portos de saída formará parte do VPC.

Artigo 7. *Período de referencia.*

1. O período de referencia para determinar o VPC será o último período anual contable, finalizado e aprobado polo órgano competente da organización de produtores antes do 1 de agosto do ano en que se realiza a comunicación do importe do fondo operativo.

2. Cando o valor dalgún ou algúns dos produtos experimente unha redución por motivos alleos á responsabilidade e ao control da organización de produtores, o valor da produción comercializada calcularase de conformidade coas normas contidas nos artigos anteriores, sempre que o valor resultante non sexa inferior ao 65 por 100 do valor do anterior período de referencia. No suposto en que o dito valor resulte inferior á porcentaxe citada, a organización de produtores poderá considerar como valor do dito produto ou produtos para a campaña de que se trate e para os efectos de solicitude do fondo operativo, o correspondente á media das dúas campañas anteriores ou á da campaña anterior en caso de que só exista esta.

A opción por unha desas dúas alternativas para a fixación do importe dos valores de referencia realizarase por petición das organizacións de produtores, no momento da comunicación establecida no artigo 10 deste real decreto xunto cos documentos citados no punto 3 da letra B) do anexo I deste real decreto.

CAPÍTULO III

Fondos operativos

Artigo 8. *Xestión.*

A xestión dos fondos operativos deberase realizar mediante contas financeiras xestionadas pola organización de produtores en que a contabilización de cada operación se efectúe de modo que se poida identificar que cada asento contable de gastos e ingresos, incluídos, se é o caso, pagamentos e aboamentos, relativos ao fondo operativo. Os pagamentos e aboamentos ao fondo operativo poderanse realizar mediante unha das dúas seguintes alternativas:

a) Mediante unha conta bancaria, única e exclusiva para a xestión do fondo operativo.

b) Mediante contas bancarias da organización de produtores non exclusivas para o fondo operativo de modo que cada pagamento e aboamento relativo a este se poida identificar e sexa obxecto de certificacións anuais por parte de auditores externos, que deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas ou noutro rexistro equivalente comunitario.

Artigo 9. *Constitución e financiamento.*

1. A constitución dos fondos operativos, así como a súa forma de financiamento, deberán ser aprobadas pola asemblea xeral da entidade, ou da sección se a dita entidade

está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo a personalidade xurídica da organización de produtores.

2. A forma de financiamento dos fondos operativos será establecida polas organizacións de produtores de conformidade co artigo 55 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

Artigo 10. Información e documentación para presentar anualmente.

As organizacións de produtores deberán comunicar á autoridade competente, o máis tardar o 15 de setembro, ao mesmo tempo que presentan, de ser o caso, os proxectos de programas operativos ou as solicitudes de modificación destes, a información e documentación contida no anexo I deste real decreto.

Artigo 11. Financiamento de retiradas.

O importe do fondo operativo destinado ao financiamento de retiradas que cumpran co establecido no anexo X deste real decreto para a acción 6.1. deberá ter en conta que os importes unitarios das axudas por retiradas, que inclúen tanto a participación comunitaria coma a contribución da organización de produtores, non poderán superar:

- a) No caso de produtos incluídos no anexo X do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, as contías máximas fixadas no dito anexo.
- b) No caso de produtos non incluídos no citado anexo X, as contías máximas fixadas no anexo II deste real decreto.

Artigo 12. Financiamento de operacións de recolección en verde e non recolección.

O importe do fondo operativo destinado ao financiamento das operacións de non recolección ou recolección en verde que cumpran co establecido no anexo X deste real decreto para a acción 6.2. deberá ter en conta que os importes unitarios das compensacións por estas operacións, que inclúen tanto a participación comunitaria coma a contribución da organización de produtores, non poderán superar as contías máximas por hectárea fixadas no anexo III deste real decreto.

CAPÍTULO IV

Programas operativos

Artigo 13. Presentación.

1. As organizacións de produtores presentarán, para a súa aprobación, os proxectos de programas operativos ante a autoridade competente o máis tardar o 15 de setembro do ano anterior ao do inicio da súa aplicación.

2. As entidades que agrupen produtores de froitas e hortalizas e que presenten unha solicitude de recoñecemento como organización de produtores en virtude do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, poderán presentar, simultaneamente, un proxecto de programa operativo para a súa aprobación. Non obstante, a súa aprobación estará condicionada á obtención do recoñecemento con anterioridade á data límite de aprobación dos programas operativos.

Artigo 14. Formato e contido.

1. A presentación de proxectos de programas operativos deberase realizar nun documento único, axustado á estrutura establecida no anexo IV deste real decreto.

2. Os proxectos de programas operativos deberán ir acompañados, como mínimo, da documentación descrita no anexo V deste real decreto.

3. O contido dos programas operativos adaptarase ao establecido no anexo X deste real decreto no que se refire á elixibilidade e aos límites de gasto por medidas.

4. Os programas operativos conterán:

- a) Accións ambientais das establecidas nas directrices nacionais para as accións ambientais de forma que o gasto nestas accións sexa como mínimo o 10 por cento do gasto total do programa operativo, ou ben
- b) Dúas ou máis accións ambientais das consideradas nas directrices nacionais para as accións ambientais.

Non obstante, no caso de que como mínimo o 80 por cento dos produtores asociados á organización de produtores estean sometidos a dous ou máis compromisos agroambientais idénticos en virtude do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, o requisito do parágrafo anterior darase por cumprido. A organización de produtores deberá presentar a documentación necesaria que xustifique o sometemento dos produtores a estes compromisos.

5. As actuacións, investimentos e conceptos de gasto subvencionables no marco dos programas operativos poderanse realizar nas explotacións das organizacións de produtores ou dos seus membros, da AOP ou dos seus membros recoñecidos como OP, ou dalgunha filial que cumpra co establecido no artigo 52.7 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro. No caso de que algún dos membros dunha OP sexa unha entidade xurídica composta por produtores, as actuacións, investimentos e conceptos de gasto poderanse realizar tanto nas instalacións desa entidade xurídica coma nas explotacións destes produtores.

Artigo 15. *Investigación e produción experimental.*

A investigación e a produción experimental como unha medida do programa operativo só se poderá aprobar cando se presente un protocolo sobre a experimentación que se vaia realizar que xustifique a novidade deste e o risco que supón, e se dispoña de persoal cualificado que se encargue desta.

O dito protocolo deberá ser valorado por un centro público de investigación ou organismo equivalente a xuízo da autoridade competente.

Non obstante, os gastos correspondentes non poderán supoñer anualmente máis do trinta por cento do importe do fondo operativo aprobado e efectivamente executado, salvo no caso de asociacións de organizacións de produtores ou accións comúns de organizacións de produtores en que non se establece ningún límite.

As accións elixibles dentro desta medida serán as que se establezan na medida 4 do anexo X deste real decreto.

Artigo 16. *Custos específicos.*

1. Os custos de persoal derivados da aplicación de medidas para mellorar ou manter un elevado nivel de calidade ou de protección ambiental, ou para mellorar o nivel de comercialización poderán:

- a) Xustificarse debidamente mediante os gastos reais.
- b) Expresarse como un importe a tanto global que non poderá superar o 14 por cento do importe total do fondo operativo aprobado. Neste caso deberanse especificar as tarefas que executará o persoal correspondente e o desenvolvemento destas deberase xustificar para poder percibir a axuda comunitaria. O tanto global abranguerá o conxunto dos gastos en persoal correspondentes a calidade, protección ambiental e comercialización.

En caso de que unha organización de produtores participe nun programa operativo parcial, o límite do 14 por cento aplicarase só ao fondo operativo aprobado do programa que vaia executar directamente a organización.

As opcións descritas nos anteriores parágrafos serán excluíntes.

2. O custo da xestión ambiental dos envases reciclables e reutilizables recollido no anexo VIII, número 1, terceiro guión, do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, poderase incluír como concepto de gasto nos programas

operativos conforme o establecido nas directrices para accións ambientais e limitado ao 20 por cento do fondo operativo aprobado.

Para os tipos de envases elixibles establecidos nas directrices nacionais para accións ambientais cuxa xestión ambiental se inclúa nun programa operativo, o custo da dita xestión incluírase como un importe a tanto global equivalente ao 6,9 por cento do custo de adquisición ou aluguer dos ditos envases.

3. O custo da utilización de planta enxertada en hortícolas poderase incluír como concepto de gasto nos programas operativos conforme o establecido nas directrices para accións ambientais e limitado ao 35 por cento do fondo operativo aprobado.

4. A parte do fondo operativo aprobado, destinada ao conxunto dos custos específicos referidos nos puntos 1.b), 2 e 3 deste artigo, non poderá superar o 50 por cento deste.

5. O uso dos plásticos oxobiodegradables e biodegradables poderase incluír como concepto de gasto nos programas operativos como un importe a tanto global equivalente ao 35 por cento do custo dos ditos plásticos.

6. Os custos específicos relativos ás medidas ambientais e á produción integrada e ecolóxica a que se refire o anexo VIII.1, terceiro e cuarto guión respectivamente do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, poderán:

a) Xustificarse debidamente mediante os gastos específicos reais, conforme o establecido nas directrices nacionais para accións ambientais.

b) Expresarse como un importe a tanto global que non poderá superar os importes fixados nas directrices nacionais para accións ambientais.

As opcións descritas nos anteriores parágrafos serán excluíntes.

7. Os límites aos custos específicos establecidos neste artigo aplicaranse igualmente ao fondo operativo realmente executado no momento de presentación da solicitude e do pagamento da axuda que se recolle nos artigos 70 e 71 do Regulamento (CE) 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

Artigo 17. *Custos externos adicionais.*

A inclusión dos custos externos adicionais derivados da realización do transporte marítimo ou por ferrocarril en substitución do transporte por estrada, estará condicionada á xustificación de que se realizase o transporte por estrada en campañas anteriores e á xustificación da diferenza de custos.

Artigo 18. *Tratamento dos programas operativos presentados por organizacións de produtores resultantes dunha absorción ou de entidades de segundo ou ulterior grao que foron recoñecidas como organización de produtores.*

Para os efectos da aplicación do artigo 103 quinquies, número 3.e) do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, os programas operativos presentados por organizacións de produtores resultantes dunha absorción ou presentados por entidades de segundo ou ulterior grao que foron recoñecidas como organización de produtores, logo de perda da cualificación de organizacións de produtores das entidades absorbidas ou asociadas á de segundo ou ulterior grao, terán o mesmo tratamento que os presentados por organizacións de produtores resultantes dunha fusión.

Artigo 19. *Modificacións dos programas operativos relativas a anualidades non comezadas.*

1. Todos os anos, as organizacións de produtores poderán solicitar ante a autoridade competente, o máis tardar o 15 de setembro do ano anterior, as modificacións que se apliquen a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

2. As modificacións que poderá aprobar a autoridade competente serán as seguintes:

a) Inclusión e supresión de medidas, accións, actuacións investimentos ou conceptos de gasto.

- b) Ampliación da duración do programa, ata un total de cinco anos.
- c) Redución da duración do programa, suxeita a que a duración total sexa, como mínimo, de tres anos.
- d) Cambios de situación ou de titulares dos investimentos ou actuacións aprobadas.
- e) Adianto ou atraso da execución ou financiamento das accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados, incluíndo o traslado do financiamento a un programa operativo posterior, cando o período de amortización destas sexa superior á duración do programa, estea economicamente xustificado, e o período de depreciación fiscal sexa superior a cinco anos. En calquera caso, o financiamento realizarase tras a execución das accións.
- f) Variación do orzamento das actuacións aprobadas.
- g) Forma de financiamento ou xestión dos fondos operativos, incluíndo, se é o caso, o cambio de conta bancaria específica.
- h) Incremento da porcentaxe de financiamento comunitario do 50 por cento ao 60 por cento se se dá algún dos casos considerados no artigo 103 quinquies, número 3 do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.
- i) Modificación relevante do programa, cando concorran cambios substanciais na situación do mercado ou da propia organización de produtores, a xuízo da autoridade competente.
- j) Fusión de programas en execución, motivado pola fusión ou absorción de organizacións de produtores ou por recoñecemento dunha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedido da perda da cualificación de organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao. O programa operativo resultante terá unha duración entre 3 e 5 anos e comezarse a executar o 1 de xaneiro do ano seguinte á fusión, absorción ou recoñecemento da entidade de segundo ou ulterior grao.
Non obstante, a organización de produtores resultante da dita fusión, absorción ou constitución doutra entidade de segundo ou ulterior grao, deberá executar os programas operativos aprobados previamente ás entidades de base ata o 31 de decembro do ano en curso, e proceder á execución do novo programa operativo o 1 de xaneiro do ano seguinte.
- k) Calquera modificación co fin de se adaptar a cambios nas directrices nacionais para accións ambientais, no anexo X deste real decreto, ou no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

A organización de produtores deberá adaptar o seu programa operativo ás novas directrices nacionais para accións ambientais ou ao novo anexo X deste real decreto como unha modificación para o ano seguinte ao ano en que se publicase a nova versión.

3. As solicitudes de modificacións deberán ir acompañadas, como mínimo, da documentación contida no anexo VI deste real decreto.

Artigo 20. *Modificacións dos programas operativos durante a anualidade en curso.*

1. Durante o ano en curso, as organizacións de produtores poderán realizar as seguintes modificacións que afecten a dita anualidade do programa, sempre que se cumpran as condicións establecidas no número 2 deste artigo:

- a) Execución parcial da anualidade do programa operativo, o que implica deixar de desenvolver total ou parcialmente algunha das medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto recollidos nas accións aprobadas, sempre que co programa operativo resultante se cumpran os mesmos requisitos que foron exixidos para a súa aprobación e que o fondo operativo final sexa igual ou maior ao 60 por cento do aprobado inicialmente.
- b) Adianto ou atraso da execución ou financiamento das accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados. En calquera caso, o financiamento realizarase tras a execución das accións.

c) Variación do orzamento das actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados, tendo en conta que non se considerará modificación a variación do orzamento das actuacións, investimentos ou conceptos de gasto se o orzamento total da acción en que están encadradas non experimenta unha variación superior ao 25 por cento.

d) Cambios de situación ou de titulares de investimentos ou actuacións aprobadas.

e) Ampliación da duración do programa, ata unha duración total máxima de cinco anos. Neste caso, a organización de produtores deberá solicitar a aprobación das novas anualidades do programa operativo resultante, o máis tardar na data prevista no artigo 66.1. do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, e comunicar á autoridade competente o importe previsto do fondo operativo correspondente á anualidade seguinte, o máis tardar na data prevista polo artigo 56 do dito regulamento.

f) Redución da duración do programa operativo aprobado, suxeita a que a duración total sexa como mínimo de tres anos e de que o programa operativo resultante siga cumprindo as condicións previstas no artigo 103 quáter do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

g) A forma de financiamento ou a xestión do fondo operativo, incluíndo, de ser o caso, o cambio de conta bancaria específica.

h) Incremento do importe do fondo operativo dentro do límite do 25 por cento do aprobado inicialmente sempre que non se supere o límite máximo de axuda comunitaria pola constitución do dito fondo, establecida no artigo 103 quinquies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

As organizacións de produtores poderán ampliar os investimentos ou conceptos de gasto previstos para a súa execución no ano, adiantar as previstas para anos posteriores, sempre que se respecten os límites e condicións establecidos no Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

i) Fusión de programas en execución, motivado pola fusión ou absorción de organizacións de produtores ou por recoñecemento dunha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedido da perda da cualificación de organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao. O programa operativo resultante terá unha duración entre 3 e 5 anos e comezarse a executar no momento en que se realizase a fusión, absorción ou recoñecemento da entidade de segundo ou ulterior grao.

No caso de que se aplique este punto, o importe do novo fondo operativo estará limitado á suma dos fondos operativos xa aprobados, e poderase incrementar nun 25 por cento.

j) Inclusión e supresión de investimentos ou conceptos de gastos dentro do marco de actuacións aprobadas. Non se considerará modificación o cambio das características técnicas dun determinado investimento.

k) Inclusión da medida, das accións, das actuacións e dos investimentos ou conceptos de gasto dos establecidos na medida 6 do anexo X deste real decreto, para prevención e xestión de crise e das accións e actuacións recollidas nas directrices nacionais para accións ambientais.

l) Calquera modificación realizada co fin de se adaptar a cambios nas directrices nacionais para accións ambientais, no anexo X deste real decreto ou no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, no ano en que as ditas modificacións fosen introducidas.

No caso das directrices nacionais para accións ambientais, as modificacións poderanse realizar a partir da data de aprobación pola Comisión Europea da nova versión.

m) Substitución dunha actuación por outra dentro da mesma acción, cando unha actuación non se poida levar a cabo por circunstancias excepcionais alleas á OP.

2. As modificacións contidas nas letras comprendidas entre o a) e o i) do número anterior, ambas as dúas inclusive, e as da letra j) que supoñan a supresión de investimentos ou conceptos de gasto, poderanse realizar sen autorización previa sempre que sexan comunicadas pola organización de produtores á autoridade competente para a aprobación das ditas modificacións polo menos quince días hábiles antes da súa execución.

As modificacións recollidas na letra j) que supoñan a inclusión de novos investimentos ou conceptos de gasto e letras k), l) e m) do número anterior precisarán a aprobación previa por parte da autoridade competente e, polo tanto, deberase solicitar a súa aprobación antes da súa execución –admitírase para iso o telefax- e especificaranse, se é o caso, as accións cuxo orzamento se puidese ver reducido.

As modificacións recollidas na letra j), unha vez que sexan aprobadas, non poderán ser obxecto de nova modificación de inclusión ou supresión durante a anualidade en curso.

3. Ademais das comunicacións e solicitudes anteriormente mencionadas, as organizacións de produtores deberán realizar unha comunicación resumo con todas estas modificacións, o máis tardar o 31 de decembro, ante a autoridade competente.

A dita autoridade adoptará unha resolución sobre elas o máis tardar o 15 de febreiro do ano seguinte.

4. As solicitudes de modificacións deberán ir acompañadas, polo menos, da documentación contida no anexo VI deste real decreto.

Artigo 21. *Aprobación das modificacións dos programas operativos recollidas nos artigos 19 e 20.*

Para que as modificacións solicitadas poidan ser aprobadas pola autoridade competente, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Ter sido presentadas nos prazos establecidos para iso.
b) O programa resultante, unha vez incluídas as modificacións, deberá cumprir o establecido no artigo 103 quáter do Regulamento (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro.

c) Ter sido aprobadas pola asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano similar competente da organización de produtores ou polo órgano en que esta delegase esta función, e serán reflectidas explicitamente as modificacións na acta do órgano correspondente.

Non obstante, as modificacións recollidas na letra g) do número 2 do artigo 19 deste real decreto e na letra g) do número 1 do artigo 20 deste real decreto requirirán obrigatoriamente aprobación previa pola asemblea xeral da organización de produtores ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica.

d) Ir acompañadas da documentación e información contida no anexo VI deste real decreto.

e) No caso das modificacións durante o ano en curso que exixan autorización previa, a resolución deberase adoptar dentro dos quince días naturais seguintes á recepción da solicitude. A ausencia da dita resolución no dito prazo supoñerá que queda aprobada, sempre que se cumpra o disposto no artigo 20 deste real decreto e que:

1.º O importe do fondo operativo correspondente ao ano en curso, tras a aprobación de todas as modificacións presentadas durante o dito ano non supere un 25 por cento do inicialmente aprobado.

2.º Se respecten os límites establecidos no artigo 103 quinquies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

3.º A redución, de ser o caso, de execución de accións respecte a obtención dos obxectivos previstos no número 1 do artigo 103 quáter do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, e que o fondo operativo resultante sexa igual ou maior ao 60% aprobado inicialmente.

4.º No caso das modificacións recollidas nas letras j), k), l) e m) do número 1 do artigo 20, os novos investimentos ou conceptos de gastos, ou accións ou actuacións, de ser o caso, sexan elixibles de acordo co recollido no anexo X deste real decreto e no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

Artigo 22. Destino dos reembolsos provenientes dos socios que causen baixa nas organizacións de produtores.

1. As organizacións de produtores, no momento da comunicación do importe previsto do fondo operativo para o ano seguinte, deberán comunicar o montante dos reembolsos efectuados polos socios da súa organización, con motivo de que causasen baixa nesta e se realizasen investimentos nas súas explotacións dentro do marco dos programas operativos.

2. Os ditos montantes terán o seguinte destino:

a) O 50 por cento deberá quedar á disposición da organización de produtores en cuestión.

b) O 50 por cento restante será reintegrado pola organización de produtores ao organismo pagador recollido no Real decreto 2320/2004, do 17 de decembro, polo que se regulan determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo, en concepto de devolución de axuda comunitaria.

CAPÍTULO V

Programas operativos parciais presentados por asociacións de organizacións de produtores

Artigo 23. Autorización da presentación de programas operativos parciais por parte das asociacións de organizacións de produtores.

Unha asociación de organizacións de produtores de froitas e hortalizas poderá presentar programas operativos parciais se se verifica que se cumpren as seguintes condicións:

a) A asociación de organizacións de produtores está recoñecida segundo a regulamentación vixente.

b) Os programas operativos parciais só conterán medidas, accións, investimentos e conceptos de gasto que estean recollidos no anexo X deste real decreto. Estes programas non conterán investimentos en custos de xestión ambiental de envases reciclables ou reutilizables que non formen parte dunha acción experimental.

As posibles accións de prevención e xestión de crises realizadas pola asociación serán especificadas e contabilizadas polas organizacións de produtores nos seus programas operativos para os efectos do límite que establece o artigo 103 quáter, número 2, 2.º parágrafo, e o artigo 103 quinquies, número 2, 2.º parágrafo do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

Artigo 24. Presentación e aprobación de programas operativos parciais por asociacións de organizacións de produtores.

1. As asociacións de organizacións de produtores presentarán para a súa aprobación os proxectos de programas operativos parciais ante a autoridade competente no prazo previsto no número 1 do artigo 13 deste real decreto.

2. As organizacións de produtores deberán solicitar a modificación dos seus programas operativos, en virtude do número 1 do artigo 19 deste real decreto ou, se é o caso, a aprobación dos seus programas operativos, en virtude do número 1 do artigo 13 deste real decreto, co obxecto de incluír nos ditos programas operativos a súa participación no programa operativo parcial.

3. A presentación mencionada no número 1 deste artigo realizarase mediante unha comunicación que se axustará ao disposto nos anexos VII e VIII deste real decreto.

4. A autoridade competente comunicará ás asociacións de organizacións de produtores as resolucións relativas á aprobación dos seus programas operativos parciais

antes da data indicada no artigo 65.2 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

5. A resolución de aprobación do programa operativo parcial estará supeditada á aprobación dos programas operativos individuais das organizacións de produtores participantes ou, de ser o caso, da modificación dos programas operativos individuais, polo que se requirirá que nos ditos programas operativos individuais figuren os importes anuais destinados ao programa operativo parcial.

Nas resolucións dos programas operativos individuais figurará o importe anual correspondente á participación no programa operativo parcial.

No caso de que algún ou algúns dos mencionados programas operativos individuais non fose aprobado, adaptarase en consecuencia o programa operativo parcial como modificación do ano en curso de forma que se manteñan no resto de programas operativos individuais os importes inicialmente previstos de participación no dito programa operativo parcial.

Artigo 25. *Financiamento e execución dos programas operativos parciais.*

1. A asociación de organizacións de produtores, o máis tardar o 15 de setembro de cada ano, comunicará á autoridade competente o importe da anualidade do programa operativo parcial para aplicar durante o ano seguinte. A dita comunicación conterá os seguintes elementos:

a) Achega prevista en valor absoluto e en valor relativo de cada organización de produtores participante.

b) Xustificación do cálculo dos importes das ditas achegas. Para este efecto, a asociación de organizacións de produtores deberá remitir á autoridade competente un certificado do secretario da asociación polo cal se acredite que as ditas achegas foron aprobadas pola asemblea xeral da asociación ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, así como o cálculo realizado.

2. As achegas anuais das organizacións de produtores ao financiamento do programa operativo parcial deberán proceder dos fondos operativos aprobados ás organizacións de produtores para as anualidades correspondentes e serán xestionadas nunha conta bancaria única e exclusiva a nome da asociación. Para estes efectos, nos programas operativos das organizacións de produtores deberá figurar unha medida ou acción denominada «Programa operativo parcial da Asociación.....».

3. No que se refire á inclusión da medida de investigación e produción experimental, ou dos custos específicos ou adicionais nos programas operativos parciais, os artigos 15, 16.4, 16.5 e 17 deste real decreto aplicaranse *mutatis mutandis*.

Artigo 26. *Modificacións dos programas operativos parciais relativas a anualidades non comezadas.*

1. Todos os anos, no prazo establecido polo artigo 66.1 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, as asociacións de organizacións de produtores poderán solicitar, ante a autoridade competente, as modificacións sobre os programas operativos parciais aprobados pola dita autoridade, que se aplique a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

2. Para este efecto, as organizacións de produtores deberán solicitar a modificación dos seus programas operativos, en virtude do número 1 do artigo 19 deste real decreto ou, se é o caso, a aprobación dos seus programas operativos, en virtude do número 1 do artigo 13 deste real decreto, que considerarán a modificación do programa operativo parcial.

3. As modificacións mencionadas no número 1 deste artigo serán as seguintes:

a) As recollidas nas letras a), b), c), f) e k) do número 2 do artigo 19 deste real decreto.

b) Cambios de situación das actuacións ou investimentos. A este respecto deberase achegar a nova identificación xeográfica, mediante sistema SIXPAC dos investimentos.

c) Forma de financiamento do programa operativo parcial segundo o descrito no número 1 do artigo 25 deste real decreto. Neste caso deberase achegar a información descrita nas letras a), b) e c) dese número.

d) Calendarios de execución ou financiamento dos investimentos ou conceptos de gasto no marco da duración do programa operativo parcial.

4. A aprobación das modificacións solicitadas en virtude do número 2 deste artigo estará supeditada:

a) Á petición por parte das organizacións de produtores que participan no dito programa operativo parcial, da correspondente inclusión deste no seu programa operativo individual.

b) Á aprobación pola autoridade competente da dita inclusión.

5. No caso de que algún ou algúns dos mencionados programas operativos individuais non fose aprobado ou, de ser o caso, non fose aprobada a súa modificación, adaptarase en consecuencia o programa operativo parcial como modificación do ano en curso de forma que se manteñan no resto de programas operativos individuais os importes inicialmente previstos de participación no dito programa operativo parcial.

Artigo 27. Modificacións dos programas operativos parciais durante a anualidade en curso.

1. Durante o ano en curso as asociacións de organizacións de produtores poderán realizar as seguintes modificacións que afecten a dita anualidade do programa operativo parcial, nas condicións establecidas no número 2 deste artigo:

a) Adianto ou atraso da execución das accións, actuacións, investimentos e/ou conceptos de gasto aprobados.

b) Modificación do orzamento das actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados sempre que non varíe o importe total do programa operativo parcial.

c) Cambios de situación das actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobadas. A este respecto deberase achegar a identificación destas mediante sistema SIXPAC.

d) Inclusión de novos investimentos ou conceptos de gasto en actuacións previamente aprobadas, sempre que non varíe o importe total do programa operativo parcial. Non se considerará modificación o cambio das características técnicas dun determinado investimento.

e) Inclusión da medida, das accións, das actuacións e dos investimentos ou conceptos de gasto das establecidas na medida 6 do anexo X deste real decreto, para prevención e xestión de crise e das accións e actuacións recollidas nas directrices nacionais para accións ambientais.

f) Modificacións de adaptación en virtude do disposto no último parágrafo do número 5 do artigo 24 e do número 5 do artigo 26 deste real decreto.

g) Calquera modificación realizada co fin de se adaptar a cambios nas directrices nacionais para accións ambientais, no anexo X deste real decreto ou no Regulamento (CE) n.º 1580/2007 no ano en que as ditas modificacións fosen incorporadas.

No caso das directrices nacionais para accións ambientais, as modificacións poderanse realizar a partir da data de aprobación pola Comisión Europea da nova versión.

h) Substitución dunha actuación por outra dentro da mesma acción, cando unha actuación non se poida levar a cabo por circunstancias excepcionais alleas á AOP.

2. As modificacións contidas nas letras a), b), c) e f) do número 1 deste artigo poderanse realizar sen autorización previa sempre que sexan comunicadas pola asociación da organización de produtores á autoridade que aprobou o programa operativo parcial quince días hábiles antes da súa execución.

As modificacións recollidas nas letras d), e), g) e h) do número anterior precisarán a aprobación previa por parte da autoridade competente e, polo tanto, deberase solicitar a súa aprobación antes da súa execución, -admitirse o telefax para iso-, e especificaranse, se é o caso, as accións cuxo orzamento se puidese ver reducido.

3. Ademais das comunicacións e solicitudes anteriormente mencionadas, as asociacións de organizacións de produtores deberán realizar unha comunicación resumo destas modificacións o máis tardar o 31 de decembro, ante a autoridade que aprobou o programa. A autoridade competente emitirá o máis tardar o 15 de febreiro do ano seguinte unha resolución que conteña a anualidade do programa operativo parcial resultante das modificacións que, se é o caso, se aproben.

Artigo 28. Aprobación das modificacións dos programas operativos parciais recollidas nos artigos 26 e 27.

Para que as modificacións solicitadas poidan ser aprobadas deberanse cumprir as seguintes condicións:

- a) Ter sido presentadas nos prazos establecidos para iso.
- b) Os programas operativos resultantes de cada unha das organizacións de produtores que participan no programa operativo parcial deberán manter, sen ter en conta o dito programa operativo parcial, o establecido no artigo 103 quáter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.
- c) Ter sido aprobadas pola asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano similar competente da asociación de organizacións de produtores ou polo órgano en que esta delegase esta función. As modificacións recollidas na letra c) do número 3 do artigo 26 e na letra e) do número 1 do artigo 27 deste real decreto requirirán obrigatoriamente aprobación previa pola asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, da asociación de organizacións de produtores.
- d) Ir acompañadas de xustificantes en que se expoñan os motivos, natureza e consecuencia destas, de acordo co establecido polo artigo 66.2 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

CAPÍTULO VI

Coordinación entre comunidades autónomas

Artigo 29. Coordinación na aprobación e control dos programas operativos e as súas modificacións.

1. Cando o ámbito das organizacións de produtores sexa superior ao dunha comunidade autónoma, as ditas organizacións de produtores presentarán ante as autoridades competentes tantas copias do programa operativo como comunidades autónomas estean implicadas territorialmente nas accións deste.

2. No prazo de 30 días a partir da data indicada no número 1 do artigo 14 deste real decreto, a autoridade competente na aprobación deste programa operativo poderá requirir das autoridades competentes das comunidades autónomas mencionadas no anterior parágrafo a información necesaria para proceder á emisión da decisión a que se refire o artigo 65 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007. En particular, esta información poderase referir:

- a) No caso de investimentos encadrados no programa operativo, aos correspondentes informes que acrediten que os ditos investimentos non se iniciaron antes do primeiro de xaneiro seguinte á presentación do dito programa operativo.
- b) Que os ditos investimentos cumpren coas condicións establecidas polo artigo 5.6 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro. Iso, con respecto aos

correspondentes programas de desenvolvemento rural de cada unha das comunidades autónomas afectadas, en particular canto aos criterios que determinan a fonte de financiamento dos investimentos mediante fondos de desenvolvemento rural ou fondos procedentes da organización común do mercado de froitas e hortalizas frescas.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas onde se realicen os investimentos proporcionarán a información solicitada no prazo de 30 días naturais a partir da recepción da dita solicitude.

Transcorrido este prazo sen que a comunidade autónoma competente para a aprobación do programa recibise esta información, estará lexitimada para adoptar a decisión que proceda.

4. Para efectos de control e verificación dos fondos comunitarios utilizados nos programas operativos, e en particular no que se refire ao control de dobre financiamento dos investimentos, a autoridade competente deberá comunicar a resolución de aprobación dos programas operativos das organizacións de produtores de ámbito superior a unha comunidade autónoma á comunidade ou comunidades autónomas onde se vaian realizar as medidas, accións e investimentos ou conceptos de gasto especificando, se é o caso, a identificación das parcelas mediante o sistema SIXPAC en que se efectúen estas, ben sexan comúns ben se efectúen en explotacións de socios individuais, e indicando ademais neste último caso o nome, razón social, DNI ou NIF deles.

5. As disposicións recollidas nos números 1, 2, 3 e 4 deste artigo serán de aplicación ás modificacións dos programas operativos reguladas polos artigos 19 e 20 deste real decreto.

Artigo 30. Coordinación na aprobación e control dos programas operativos parciais e as súas modificacións.

1. A autoridade competente para a aprobación do programa operativo parcial comunicará á ou ás autoridades competentes para a aprobación dos correspondentes programas operativos individuais das organizacións de produtores participantes no programa operativo parcial a resolución de aprobación do programa operativo parcial. Esta comunicación realizarase 30 días antes da data indicada no artigo 65.2. do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

Se se aplicase o disposto no último parágrafo do número 5 do artigo 24 deste real decreto, a autoridade competente para a aprobación do programa operativo parcial comunicará á ou ás autoridades competentes para a aprobación dos correspondentes programas operativos individuais a resolución de adaptación do programa operativo parcial. Esta comunicación realizarase no prazo de 30 días que segue á data indicada no parágrafo segundo do artigo 65.2. do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

2. En ausencia das comunicacións reguladas no número anterior, a autoridade competente para a aprobación dos programas operativos individuais poderá tomar a decisión que proceda.

3. As disposicións recollidas no anterior número serán de aplicación ás modificacións dos programas operativos parciais reguladas polos artigos 26 e 27 deste real decreto.

CAPÍTULO VII

Pagamento da axuda

Artigo 31. Presentación da solicitude da axuda.

1. As organizacións de produtores presentarán, para o seu pagamento, a solicitude de axuda, ante a autoridade competente no prazo establecido no artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

2. Os pagamentos financiados ao abeiro do programa operativo poderanse xustificar mediante facturas e documentos que se poderán emitir a nome dos membros de organización de produtores en caso de que se trate de pagamentos para investimentos ou conceptos de gasto realizados nas súas explotacións.

No caso de que algún dos membros dunha organización sexa unha entidade xurídica composta por produtores, os pagamentos tamén se poderán xustificar mediante facturas e documentos emitidos tanto a nome da dita entidade xurídica como a nome dos ditos produtores, en caso de que se trate de pagamentos para investimentos ou conceptos de gasto realizados nas súas instalacións ou explotacións.

3. Os pagamentos financiados ao abeiro do programa operativo poderanse xustificar mediante facturas e documentos que se poderán emitir a nome dunha asociación de organizacións de produtores ou dunha filial, sempre que a dita filial cumpra co establecido no artigo 52.7 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, en caso de que se trate de pagamentos para actuacións, investimentos ou conceptos de gasto realizados nas explotacións propiedade da dita asociación ou filial.

4. As solicitudes de anticipo presentaranse ante a autoridade a que se refire o número 1 deste artigo, sobre a base dun período de catro meses, durante os meses de xaneiro, maio e setembro.

O importe mínimo que se solicitará para a concesión de anticipos será dun cuarto da axuda do fondo operativo aprobado.

O prazo previsto para o pagamento dos anticipos será de dous meses contados desde a recepción completa da solicitude por parte da autoridade competente.

5. As organizacións de produtores poderán presentar solicitudes de pagamentos parciais, ata 3 veces ao ano, sempre antes do 31 de outubro.

O importe mínimo que se solicitará para a concesión de pagamentos parciais será dun cuarto da axuda do fondo operativo aprobado.

O prazo previsto para o pagamento dos pagamentos parciais será de tres meses contados desde a recepción completa da solicitude por parte da autoridade competente.

Artigo 32. *Formato e contido.*

1. A solicitude de axuda presentarase conforme o modelo que estableza a autoridade competente, que conterá polo menos a información recollida no anexo IX deste real decreto.

2. A solicitude de axuda deberá ir acompañada da documentación descrita no anexo IX deste real decreto.

Artigo 33. *Controis.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de control.

O plan nacional de control deberá recoller calquera aspecto que se considere necesario para a realización dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo, das solicitudes de axudas.

2. As comunidades autónomas elaborarán plans rexionais de control axustados ao plan nacional. Os plans rexionais deberán ser comunicados ao Fondo Español de Garantía Agraria.

3. Corresponde ás autoridades competentes a responsabilidade dos controis das axudas reguladas neste real decreto. Naqueles casos en que os controis os leven a cabo dúas ou máis comunidades autónomas, deberanse establecer entre as administracións implicadas os mecanismos de colaboración para a mellor xestión desta.

4. Sen prexuízo de calquera outra disposición, non se efectuará ningún pagamento a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, con vistas a obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axuda.

Artigo 34. *Programas operativos con accións transnacionais.*

En caso de que unha organización de produtores teña no seu programa operativo accións transnacionais, xunto coa súa solicitude de pagamento presentará ante a autoridade competente da súa comunidade autónoma:

- a) Identificación das organizacións de produtores dos demais estados membros que participan nas accións transnacionais.
- b) Documentación que demostre que as organizacións de produtores dos outros estados membros non recibiron axuda polos mesmos conceptos polos que solicita o pagamento a organización de produtores española.
- c) De ser o caso, actas de non inicio das autoridades que aprobaron o programa operativo.

Disposición adicional primeira. *Accións de prevención e xestión de crise para produtores que non sexan membros das organizacións de produtores.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, establecerá, se é o caso, as bases para a concesión dunha axuda aos produtores de froitas e hortalizas que non sexan membros dunha organización de produtores para a realización de medidas de prevención e xestión de crise, conforme o número 6 do artigo 182 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 26 de setembro.

Disposición adicional segunda. *Adaptacións das referencias contidas no Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas aos regulamentos comunitarios.*

Todas as referencias contidas no Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, ao Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro de 2007, enténdense realizadas aos artigos correspondentes do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do 22 de outubro, na versión dada a este polo Regulamento (CE) n.º 361/2008, do 14 de abril de 2008.

Disposición transitoria primeira. *Programas operativos aprobados en virtude do Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados no sector de froitas e hortalizas e (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96, do Consello, no que se refire aos programas e fondos operativos e á axuda financeira.*

Sen prexuízo do disposto no último parágrafo da disposición transitoria cuarta, as organizacións de produtores que contasen cun programa operativo aprobado en virtude do Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro de 1996, e (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003, e que optasen no ano 2008 por seguir aplicando a lexislación anterior ata a súa finalización, só poderán realizar as modificacións que afecten a anualidade en curso destes programas que se recollen no artigo 18 do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, con excepción das modificacións que requiren a autorización previa por parte da autoridade competente que se recollen nese mesmo artigo. Estas organizacións non poderán realizar modificacións para anos sucesivos.

Disposición transitoria segunda. *Cálculo do valor da produción comercializada a saída de filial ou AOP.*

No caso de que unha organización de produtores ou AOP desexa calcular o VPC base para o cálculo da axuda ao fondo operativo de 2010 e seguintes a saída dunha filial ou AOP e o seu programa operativo non finalizase en 2009, e como excepción ao parágrafo segundo do número 2 do artigo 4 deste real decreto, a OP ou AOP presentará a comunicación

e compromiso recollidos no dito artigo no momento da presentación do fondo operativo correspondente á anualidade 2010.

Disposición transitoria terceira. *Cálculo do valor da produción comercializada en períodos de referencia que comprendan anos anteriores a 2008.*

No caso de que o período de referencia que se establece no artigo 7 deste real decreto comprenda todo ou parte dun ano anterior ao 2008, o cálculo do valor da produción comercializada realizarase conforme o establecido no capítulo II do Regulamento (CE) 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto, e no capítulo II do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro. Non obstante, o período de referencia será o establecido no artigo 7 deste real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Custos específicos.*

Os límites establecidos nos números 2 a 4 do artigo 16 deste real decreto serán aplicables ás anualidades de programas operativos a partir do ano 2010.

Non obstante, o tanto global a que se refire o segundo parágrafo do citado número 2 deberase respectar en todos os programas operativos desde a anualidade 2009, incluídos aqueles programas que se encontran na situación descrita na disposición transitoria primeira deste real decreto.

No ano 2009 e para estes conceptos, serán de aplicación os límites establecidos nos números 2 e 3 do artigo 16 do Real decreto 864/2008, do 23 de maio.

Non obstante, os programas operativos que se encontren na situación descrita na disposición transitoria primeira deste real decreto deberán respectar o establecido no artigo 15 do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, con excepción do custo unitario do 17 por cento para o custo da xestión ambiental, e seralles de aplicación o segundo parágrafo do número 2 do artigo 16 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 864/2008, do 23 de maio, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable ao recoñecemento das organizacións de produtores de froitas e hortalizas e das asociacións de organizacións de produtores, en desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), e en aplicación do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos (CE) n.º 2200/1996, (CE) n.º 2201/1996 e (CE) n.º 1182/2007, do Consello, no sector de froitas e hortalizas.»

Dous. O número 3 do artigo 6 queda redactado como segue:

«3. De acordo co artigo 125 quinquies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, e do artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da

Comisión, do 21 de decembro, as actividades da organización poderán ser obxecto de contratación con outra entidade, incluído un dos seus socios, a súa asociación ou unha filial que cumpra co establecido no artigo 52.7 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro.

No caso de que algún dos socios da OP ou da AOP sexa unha entidade xurídica composta por produtores, a contratación poderase subscribir tamén con calquera das entidades xurídicas ou con calquera dos produtores membros dalgunha das entidades xurídicas.

No caso de que, conforme os parágrafos anteriores, a organización de produtores contrate algunha das actividades que se recollen no artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, ou algunha actividade que repercuta no cálculo da valor da produción comercializada, as organizacións deberán establecer contratos que regulen, polo menos, os aspectos seguintes:

- a) Identificación das partes.
- b) Servizos que se contratan. En caso de que se contraten os servizos detallados no artigo 25, letra b) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, a entidade deberá achegar o procedemento mediante o cal se identifican os produtos da organización de produtores ao longo das funcións contratadas.
- c) Duración do contrato, que non será inferior a 3 anos.
- d) Importe dos servizos contratados e forma de pagamento.
- e) Inscripción dos contratos en rexistro oficial ou xustificación do pagamento dos dereitos de transmisións patrimoniais ou actos xurídicos documentados.

As condicións descritas non serán exixibles cando se trate de contratos para resolver situacións conxunturais que demanden unha dotación de medios superior á xa existente.»

Tres. Engádense dous novos números 4 e 5 ao artigo 6 coa seguinte redacción:

«4. No caso de que a organización de produtores, conforme o establecido no número anterior, contrate a realización da actividade de transformación dun ou máis dos seus produtos cunha entidade, distinta dun dos seus socios, a súa asociación ou a súa filial, que cumpra co establecido no artigo 52.7 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, deberá cumprir ademais que:

- a) O produto debe permanecer en todo momento baixo propiedade da OP.
- b) Unha vez que se transformase o produto, a OP levará a cabo a comercialización, dispoñendo dos medios propios necesarios para iso.
- c) En ningún caso a organización poderá vender un produto transformado á mesma entidade que efectuou a transformación ou a entidades participadas por esta.

5. Os números 3 e 4 aplicaranse mutatis mutandis cando unha asociación de organizacións de produtores contrate con outra entidade algunha das súas actividades.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para modificar as datas establecidas neste real decreto, os custos específicos a que fai referencia o artigo 16 e os anexos, cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da

normativa comunitaria. Tamén poderá modificar o anexo X como consecuencia de cambios na lista de medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto que cumpran co establecido na normativa comunitaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Información e documentación mínima que se remitirá anualmente xunto coa comunicación prevista no artigo 10

A) *Datos xerais da entidade*

Entidade:

Anualidade do programa que se financiará:

Programa operativo a que pertence: 200... a 200...

Número de anualidade de fondos operativos da entidade:

B) *Documentación que se remitirá*

1. Certificado do secretario da organización de produtores en que se faga constar que a constitución do fondo operativo anual, as disposicións para a súa provisión e, de ser o caso, o método de cálculo das contribucións financeiras dos socios foron aprobados pola asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da personalidade xurídica. O dito certificado deberá conter o importe do fondo operativo que se constituirá na anualidade que comeza o 1 de xaneiro seguinte, e indicaranse os importes que se prevé destinar:

Á realización do programa operativo, desagregada entre as medidas de prevención e xestión de crise e o resto de medidas.

Á administración do propio fondo.

2. Certificado onde figure o VPC da organización de produtores, e certificado da filial/AOP, se é o caso, calculado segundo o disposto no artigo 52 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, e o capítulo II deste real decreto. O dito certificado deberá especificar:

No caso de que a organización de produtores realice o transporte da mercadoría envasada e preparada para a venda con medios propios, o cálculo realizado para obter o importe a tanto global equivalente ao custo de amortización e utilización dos ditos medios, que foi deducido do VPC.

No caso de que a organización de produtores realice unha segunda ou posterior transformación de toda ou parte da súa produción, o cálculo do custo de transformación que foi deducido do VPC.

3. No caso de que o valor dalgún ou algúns dos produtos experimentase unha redución por motivos alleos á responsabilidade e control da organización e se acollan ao número 2 do artigo 7 deste real decreto, deberase presentar:

a) Certificado do secretario da organización, en que se inclúan os valores de cada produto correspondentes ao período de referencia mencionado no primeiro parágrafo do número 1 do artigo 7 deste real decreto e, de ser o caso, aos dous períodos de referencia anteriores a este, e

b) Informe sobre os feitos que motivaron o descenso do valor do produto, demostrando, en particular, que o dito descenso non se debeu a diminucións de efectivos produtivos.

4. Autorización da organización de produtores, en caso de aplicación do último parágrafo do número 2 do artigo 3 deste real decreto.

ANEXO II

Importes máximos de axuda para as retiradas

Produto	Importe máximo de axuda – Euros/100 kg
Allo	46,56
Alcachofa	25,04
Apio	11,08
Brócoli	23,96
Cabaciña	18,76
Cabaza	15,60
Cebola	7,20
Cereixa	79,00
Ameixa	22,74
Escarola	22,64
Espárrago	69,78
Amorodo	43,42
Feixón verde	59,31
Leituga	17,39
Cogombro	18,08
Pemento	31,65
Porro	22,13
Repolo/col.	18,95
Cenoria	9,99
Caqui	26,71
Néspera	37,63
Paraguaia	25,15
Champiñón	47,65
Acelga	17,09
Espinaca	25,72
Framboesa	109,78
Faba verde	36,68
Figo fresco	49,81

ANEXO III

Compensacións máximas para as operacións de recolección en verde e non recolección

Produto	Compensación – Euros/ha		
	Secaño	Regadío	
		Aire libre	Protexido
Coliflor	1.324	1.728	–
Tomate	803	3.578	5.769
Mazá	1.004	2.765	–
Uva	478	1.854	–
Albaricoque	501	1.536	–
Melocotón	639	2.391	–
Nectarinas	816	3.055	–
Pera	1.012	2.253	–
Berenxena	312	1.633	3.541
Melón	342	1.607	1.833
Sandía	484	2.421	3.481
Laranxas	–	4.246	–
Clementinas	–	3.576	–
Mandarinas	–	3.417	–
Satsumas	–	4.283	–
Limóns	–	3.761	–
Allo	1.737	3.472	–
Alcachofa	884	3.195	–
Apio	1.416	5.021	–
Brócoli	3.017	3.937	–
Cabaciña	1.734	5.251	7.537
Cabaza	1.209	4.531	–
Cebola	765	3.060	1.928
Cereixa	2.044	3.578	–
Ameixa	734	2.558	–
Escarola	2.327	5.050	6.920
Espárrago	1.447	2.703	2.868
Amorodo	2.037	3.243	13.493
Feixón verde	3.493	6.651	7.650
Leituga	2.308	4.889	5.564
Cogombro	2.110	4.415	11.512
Pemento	2.829	7.743	15.104
Porro	2.544	5.713	4.254
Repolo/col	3.854	5.780	7.603
Cenoria	787	4.900	1.667
Caqui	–	4.161	–
Néspere	353	3.695	–
Paraguai	975	3.648	–
Champiñón (€/m ²)	–	–	18,82
Acelga	1.810	4.148	8.218
Espinaca	1.778	4.550	4.745
Framboesa	–	–	8.378
Faba verde	985	2.957	–
Figo fresco	650	2.734	–

ANEXO IV

Estrutura a que se deben axustar os proxectos de programas operativos

1. Identificación da entidade solicitante:
 - a) Razón social:
 - b) Domicilio social:
 - c) Teléfono
 - d) Telefax:
 - e) Correo electrónico:
 - f) CIF:
 - g) Persoa de contacto e teléfono.
 - h) Tipo de organización de produtores da entidade a que pertence o proxecto de programa:
 - Autonómica.
 - Ámbito superior a unha comunidade autónoma. Comunidades autónomas en que posúe efectivos produtivos:
 - Transnacional. Estados membros en que posúe efectivos:
 - i) Situación de recoñecemento polo artigo 203 bis, número 2, do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro:
 - Con recoñecemento previo polo artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 con data anterior á entrada en vigor do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, despois de solicitar o recoñecemento polo artigo 11:
 - Con recoñecemento definitivo polo artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 ou polo artigo 125 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, indicando os seguintes datos:
 - Número de rexistro:
 - Data de recoñecemento:
 - Categoría de recoñecemento:
 - Ámbito xeográfico por comunidades autónomas:
 - N.º de socios actuais:
 - Efectivos produtivos actuais (superficie total e producións totais por especie):
2. Descrición da situación partida da entidade.
 - a) En canto aos efectivos produtivos da entidade:
 - Superficies de cultivo por especies, comunidades autónomas e Estados membros.
 - Volumes de produción por especies, comunidades autónomas e Estados membros.
 - Actuacións que xa desenvolve a organización de produtores no ámbito da obtención da produción.
 - b) Canto á comercialización da produción dos socios:
 - Descrición do proceso comercial.
 - Actuacións que xa desenvolve a organización de produtores neste ámbito.
 - c) Canto á infraestrutura:
 - Descrición das instalacións a disposición dos socios, indicando se son en propiedade, arrendadas ou con contrato de servizos.
 - Medios humanos.
 - Equipo administrativo.

d) Indicadores relevantes para a organización de produtores conforme o programa operativo establecidos no anexo XIV do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

3. Duración e obxectivos perseguidos polo proxecto de programa operativo. -Deberanse especificar detalladamente os obxectivos que se perseguirán tendo especialmente en conta o disposto no artigo 61.1, letra b), do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

4. Medidas desagregadas por accións e accións desagregadas en actuacións e actuacións desagregadas en investimentos e conceptos de gasto que se realizarán para alcanzar os obxectivos fixados conforme o artigo 61.1, letra c) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007. -Para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto previstos, deberán presentar:

Descrición detallada deles.

Comunidade autónoma onde se vai levar a cabo.

Obxectivos da súa realización de entre os enumerados no artigo 103 quáter, número 1 do Regulamento CE) n.º 1234/2007.

Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.

Orzamento detallado por unidades de obra.

Xustificación da necesidade da súa realización.

Calendarios de execución e de financiamento.

Polo menos para a primeira anualidade do programa operativo:

Identificación xeográfica mediante o sistema SIXPAC das parcelas en que vaian realizar as medidas.

Se se realizan medidas de mellora en explotacións individuais, os beneficiarios destas, indicando o nome ou razón social e o NIF.

5. Duración do programa operativo.

6. Aspectos financeiros:

a) Calendario de realización das medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

b) Calendario de financiamento das medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

ANEXO V

Documentación mínima que se debe xuntar cos proxectos de programas operativos

1. Compromiso da organización de produtores de cumprir as disposicións dos regulamentos (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007, e 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, e da normativa nacional aplicable.

2. Compromiso da organización de produtores e, de ser o caso, de cada un dos afiliados en cuxas explotacións se vaian realizar investimentos con cargo ao programa operativo, de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo.

3. Un certificado do secretario da organización de produtores en que conste que o proxecto de programa operativo, a constitución e o financiamento dos fondos operativos anuais e, en particular as disposicións para a provisión dos ditos fondos e, se é o caso, o método de cálculo das contribucións financeiras dos socios, foron aprobados por asemblea xeral da entidade, ou da sección se a dita entidade está organizada en seccións ou órgano equivalente da organización en función da súa personalidade xurídica. O dito certificado deberá especificar:

a) As liñas directoras do proxecto de programa, especificando medidas e accións que se van desenvolver.

b) Modalidade que se utilizará para xestionar o fondo operativo, de entre as previstas no artigo 8 deste real decreto e a súa forma de financiamento, de acordo co artigo 103 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro.

4. Se se escolle a opción contida na letra a) do número 1 do artigo 8 deste real decreto, débese achegar, ademais, certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo con indicación da súa sucursal, o número de conta e a denominación desta: «Fondo operativo da organización de produtores... (denominación da organización)».

5. Xustificación de que:

a) Todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiaren da aplicación do fondo operativo. Para este efecto requirírase certificado da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, na cal se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

b) Todos os produtores tiveron a oportunidade de participar democraticamente nas decisións relacionadas coa utilización dos recursos da organización de produtores e coas contribucións financeiras aos fondos operativos. Para este efecto, entenderase que se dá cumprimento a este precepto cando se achegue acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que figure como punto específico a discusión e aprobación do programa operativo.

6. En caso de que os fondos operativos se vaian financiar, total ou parcialmente, mediante contribucións dos socios, o método de cálculo destas.

7. No caso de que se fixen contribucións individuais dos socios a niveis diferentes, a información necesaria que xustifica os ditos niveis.

8. Se se inclúen no programa investimentos ou accións en explotacións individuais de socios, deberase achegar:

a) Nome, razón social e DNI ou NIF de cada un dos beneficiarios, así como localización xeográfica dos investimentos que se van realizar. Esta localización realizarase utilizando o sistema SIXPAC.

b) Certificado do acordo adoptado pola asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, para obter de todo socio da organización en cuxa explotación se realicen investimentos con cargo ao programa operativo o reembolso do valor residual destes investimentos, en caso de que cause baixa na organización.

c) O período de obriga de devolución dun investimento ou do seu valor residual, para os efectos do cálculo do valor residual a que fai referencia a letra b) deste número e o último parágrafo do número 3 do artigo 61 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, que será fixado pola organización de produtores nun máximo de cinco anos.

O dito valor residual calcularase da seguinte forma:

Valor residual = [valor adquisición x (período de obriga de devolución - período comprendido entre a data de adquisición e a data de baixa do socio)] / Período de obriga de devolución

d) Xustificación de que todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiaren da aplicación do fondo operativo. Para este efecto requirírase copia compulsada da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, na cal se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

9. De ser o caso, certificación do secretario da organización de produtores pola que se achega o acordo da asemblea xeral da entidade, ou da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente da organización de produtores en función da súa personalidade xurídica, polo que se delega a competencia na presentación de solicitudes de modificación do programa operativo, previstas nos artigos 19 e 20 deste real decreto, nunha determinada instancia da organización de produtores.

10. Se se inclúen no proxecto de programa os gastos específicos de produción experimental, un protocolo coa experimentación que se pretende realizar que xustifique a novidade do proxecto e o risco que supón, avalado por un centro de investigación.

11. Se se inclúe no proxecto de programa a adquisición de equipamentos de segunda man:

a) A documentación que xustifique que cumpren as normas aplicables e que non superan o valor de mercado.

b) Unha declaración do vendedor do equipamento sobre a súa orixe, confirmando que non se comprou con subvencións nacionais ou comunitarias durante os sete últimos anos.

c) Un certificado de taxación emitido por un taxador Colexiado que confirme o prezo de compra.

12. Se se inclúe no proxecto de programa a adquisición de terreos non edificadas, certificado de taxación dun taxador independente e Colexiado, que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.

13. Se se inclúe no proxecto de programa arrendamento financeiro, orzamento da adquisición do ben co seu valor de mercado.

14. Se se inclúe no proxecto de programa a adquisición de bens inmoables:

a) Certificado de taxación, realizado por un taxador Colexiado, que estableza o prezo de compra e que o dito prezo non excede o valor de mercado.

b) Certificado do vendedor de que durante os dez últimos anos non recibiu ningunha subvención nacional ou comunitaria.

c) Compromiso de utilizar o local, polo menos durante cinco anos, para o uso que se previu.

15. Se se inclúe no proxecto de programa a substitución de investimentos, un documento que xustifique o valor residual do investimento que se substitúe.

16. Se se inclúe no proxecto de programa o investimento en accións de empresas, un certificado dun taxador independente e Colexiado que estableza o prezo de compra certificado e que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.

ANEXO VI

Documentación mínima para achegar xunto coas solicitudes de modificación dos programas operativos

A) En todos os casos:

1. Certificado en que conste que as modificacións solicitadas sobre o programa operativo foron aprobadas polo órgano competente segundo a súa personalidade xurídica ou instancia en que delegase.

2. Deberán ir xunto cos xustificantes en que se expoñan os motivos, natureza e consecuencia das modificacións solicitadas, así como aqueles xustificantes que fosen necesarios para a súa aprobación.

3. Nas modificacións que supoñan un cambio de situación ou de titular en explotacións individuais de socios:

a) Compromiso escrito dos novos beneficiarios de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo,

b) Identificación mediante o sistema SIXPAC das parcelas en que se realizarán os investimentos, xunto coa razón social e o NIF dos novos beneficiarios.

4. Cando se modifique a forma de financiamento dos fondos operativos, documento en que figure:

a) As disposicións adoptadas para o seu financiamento, incluíndo a procedencia dos recursos con que se vai financiar.

b) No caso de que o fondo operativo se vaia financiar, total ou parcialmente, mediante contribucións dos socios, o método de cálculo destas.

c) A xustificación de que:

Todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiaren da aplicación do fondo operativo. Para este efecto requirírase certificado da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, na cal se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

Todos os produtores tiveron a oportunidade de participar democraticamente nas decisións relacionadas coa utilización dos fondos da organización de produtores e coas contribucións financeiras aos fondos operativos. Para este efecto, entenderase que se dá cumprimento a este precepto cando se achegue acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que figure como punto específico a discusión e aprobación do programa operativo.

5. Cando se modifique a forma de xestión dos fondos operativos e se escolla a opción contida na letra a) do número 1 do artigo 8 deste real decreto, deberase achegar o certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo con indicación da súa sucursal, o número de conta e a denominación desta: «Fondo operativo da organización de produtores... (denominación da organización)».

6. De ser o caso, certificación do secretario da organización de produtores pola que se achega acordo da asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente da organización de produtores en función da súa personalidade xurídica, polo que se delega a competencia na presentación de solicitudes de modificación do programa operativo, previstas nos artigos 19 e 20 deste real decreto, nunha determinada instancia da organización de produtores.

B) Relativas a anualidades non comezadas. -En caso de que se introduzan como acción nova investimentos en explotacións individuais de membros ou se se incrementa o número de explotacións individuais de socios en que se vaian realizar investimentos encadrados no programa operativo:

a) Certificado en que figure o acordo adoptado pola asemblea xeral da entidade, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente, para obter o reembolso destes investimentos, ou o seu valor residual, en caso de que o/os socios cause/n baixa na organización.

b) O período de obriga de devolución dun investimento ou do seu valor residual, para os efectos do cálculo do valor residual a que fai referencia a letra a) deste número e o último parágrafo do número 3 do artigo 61 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro, que será fixado pola organización de produtores nun máximo de cinco anos.

O dito valor residual calcularase da seguinte forma:

Valor residual = [valor adquisición x (período de obriga de devolución - período comprendido entre a data de adquisición e a data de baixa do socio)] / período de obriga de devolución

c) Compromiso escrito de cada membro beneficiario de investimentos en explotacións individuais, de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo.

d) Xustificación de que todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiaren da aplicación do fondo operativo. Para este efecto requirírase copia compulsada da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, na cal se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

C) Relativas á anualidade en curso. -Nas modificacións que supoñan un cambio de situación ou de titular en explotacións individuais de socios, unha acta notarial en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente á nova situación ou unha declaración da OP en que se compromete a non comezar a execución do investimento ata que non exista unha acta emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia realizar o investimento, en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente á nova situación.

ANEXO VII

Estrutura a que se deben axustar os proxectos de programas operativos parciais

1. Identificación da entidade solicitante:

- a) Razón social:
- b) Domicilio social:
- c) Teléfono:
- d) Telefax:
- e) Correo electrónico:
- f) CIF:
- g) Persoa de contacto e teléfono:
- h) Tipo de asociación de organización de produtores da entidade a que pertence o proxecto de programa:

Autonómica.

Ámbito superior a unha comunidade autónoma. Comunidades autónomas en que posúe efectivos produtivos.

Transnacional. Estados membros en que posúe efectivos:

- i) Número de rexistro e data de recoñecemento:
- j) Número de organizacións de produtores asociadas no momento de presentación do programa operativo parcial e identificación destas por número de rexistro e razón social.

k) Ámbito xeográfico por comunidades autónomas:

2. Descrición da situación de partida da entidade:

- a) Funcións que realizou nos tres últimos anos.
- b) Medios humanos e materiais de que dispón, especificando, se é o caso, se recorre á contratación de servizos con terceiros, que deberán ser ademais para a realización das súas funcións.

c) Perspectivas de actuación para os anos de duración do programa operativo parcial.

d) Indicadores relevantes para a organización de produtores conforme o programa operativo establecidos no anexo XIV do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

3. Duración e obxectivos perseguidos polo proxecto de programa operativo parcial. -Deberanse especificar detalladamente os obxectivos que se van perseguir tendo especialmente en conta o disposto no artigo 61.1, letra b), do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

4. Medidas desagregadas por accións, accións desagregadas por actuacións e actuacións desagregadas en investimentos e conceptos de gasto que se realizarán para alcanzar os obxectivos fixados.

a) Para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto previstos, deberán presentar:

- Descrición detallada deles.
- Comunidade autónoma onde se vai levar a cabo.
- Obxectivos da súa realización de entre os enumerados no artigo 103 quáter número 1 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007.
- Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.
- Orzamento detallado por unidades de obra.
- Xustificación da necesidade da súa realización.

b) Anexo que conteña a localización dos investimentos ou realización de gastos desagregados por comunidades autónomas.

5. Aspectos financeiros:

- a) Calendario de realización das medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.
- b) Calendario de financiamento das medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

ANEXO VIII

Documentación mínima que se debe xuntar cos proxectos de programas operativos parciais

a) Compromiso da asociación de organizacións de produtores de cumprir as disposicións dos regulamentos (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, e 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007.

b) Certificación emitida polo secretario da asociación de que os membros da asociación de organizacións de produtores que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, non participaron na toma de decisións que afecten o programa operativo parcial nin se benefician directamente de disposicións financiadas pola comunidade.

c) Certificación emitida polo secretario da asociación que acredite o cumprimento do disposto na letra b) do número 1 do artigo 23 deste real decreto.

d) Compromiso da asociación de organizacións de produtores de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo parcial.

e) Para a primeira anualidade do programa operativo parcial, a documentación que figura no número 1 do artigo 25 deste real decreto.

f) Unha certificación emitida polo secretario da asociación de organizacións de produtores que acredite que o programa operativo parcial foi aprobado pola asemblea ou órgano equivalente da asociación, ou da sección se a dita entidade está organizada en seccións, en función da súa personalidade xurídica. Na dita certificación deberán figurar as liñas directoras do proxecto de programa operativo parcial, especificando medidas e accións que se van desenvolver.

g) Certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo con indicación da súa sucursal, o número de conta e a denominación

desta: «Programa operativo parcial da asociación de organizacións de produtores... (denominación da asociación)».

ANEXO IX

Contido mínimo da solicitude de axuda financeira

A) Datos da entidade:

Nome ou razón social da organización de produtores, número de rexistro e NIF.

Tipo de axuda que solicita.

Anualidade a que corresponde a axuda.

Programa operativo a que pertence.

Forma de financiamento do programa operativo.

Forma de xestión do programa operativo.

Conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

B) Datos do programa operativo:

Calendario de execución e de financiamento.

Realización das medidas de xestión e prevención de crise.

C) Documentación que se remitirá.

Xustificantes de produción comercializada do período de referencia do programa.

Copia de poderes e NIF do representante.

Xustificantes da dotación do fondo operativo.

Xustificantes dos gastos do programa operativo e relación destes. Os organismos pagadores poderán autorizar que coa solicitude se presente unicamente a relación de xustificantes e deberán incorporar posteriormente aquelas facturas, orixinais ou compulsadas, que requira a administración.

Extracto bancario de movementos da conta do fondo, autenticado pola entidade bancaria ou informe de auditoría externa.

En caso de solicitude de anticipo, aval, seguro de caución ou xustificante de ter realizado depósito en efectivo.

Se é o caso, xustificantes da utilización real de anticipos anteriores.

ANEXO X

MEDIDAS, ACCIÓNS, ACTUACIÓNS, INVESTIMENTOS E CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES NO MARCO DOS PROGRAMAS OPERATIVOS E OS REQUISITOS RELATIVOS A ESTES

Xerarquía:

- As epígrafes de primeiro nivel describen as medidas.
- As epígrafes de segundo nivel describen as accións.
- As epígrafes de terceiro nivel describen as actuacións.
- As epígrafes de último nivel describen os investimentos ou conceptos de gasto que se poden incluír en cada actuación.

1. MEDIDA DIRIXIDA A PLANIFICAR A PRODUCCIÓN

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 80 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condições de subvencionabilidade
<p>1.1. Infraestruturas das explotacións.</p> <p>1.1.1 Instalacións de rega en parcelas. (1.1.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tubaxes, válvulas, ventosas, hidrantes, caudalímetros, transmisións de presión, variadores e arrincadores, caldeirías, sistemas de telecontrol, automatismos, filtros. • Estacións de bombeo (bombas, obra civil para a súa instalación, transformadores, infraestruturas de subministración de enerxía). <p>1.1.2 Encoros, pozos e balsas de rega. (1.1.2.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Movementos de terras, estudos xeotécnicos, membranas de impermeabilización, valvularía, tubaxes, aliviadoiros, desaugadoiros, perforacións, canalización de pozos. <p>1.1.3 Desaladoras e outras instalacións para a rega. (1.1.3.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra civil, filtros, tubaxes, membranas, válvulas, ventosas, transformadores, bombas, automatismos, depósitos e balsas. • Infraestruturas de transporte de auga (canles e tubaxes de gran capacidade). • Outras. <p>1.1.4 Acondicionamento de parcelas para realizar novas plantacións. (1.1.4.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de substrato reciclable. • Movementos de terras, estruturas soporte, fornecementos e melloras de terras. • Utilización de plástico para acolchar camballóns. 	<ul style="list-style-type: none"> - As instalacións concretas incluídas nesta actuación non se poderán incluír na actuación recollida nas directrices ambientais para mellora de sistemas de rega. - No caso de mellora das instalacións de rega, só se subvencionarán materiais que se utilicen durante máis dun ano. <ul style="list-style-type: none"> - Os plásticos (á excepción dos recollidos nas directrices nacionais de accións ambientais) só serán subvencionables se se empregan durante máis dun ano.

Condicións de subvencionabilidade	Descrición
<ul style="list-style-type: none"> - Os plásticos (á excepción dos recollidos nas directrices nacionais de accións ambientais) só serán subvencionables se se empregan durante máis dun ano. - A dimensión das construcións auxiliares será proporcional ao uso relacionado exclusivamente coa actividade da OP: as vías de acceso dimensionaranse en función do tráfico que valian soportar derivado desta actividade. Os almacéns terán unha capacidade proporcional á actividade que realicen en campo a OP ou os seus socios. 	<p>1.1.5 Invernadoiros. (1.1.5.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Construción de invernadoiros: plásticos, estruturas de suxeición da cuberta. • Mellora de invernadoiros: plásticos, instalación de dobres portas, dobre teito, ventás cenitais, equipamento de emisión de CO₂, xeradores, sistemas de calefacción e aproveitamento de CO₂, sistemas de rega, refrixeración, etc. <p>1.1.6 Construcións auxiliares. (1.1.6.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vías de acceso ás explotacións, almacéns en campo, etc. <p>1.1.7 Outras infraestruturas das explotacións. (1.1.7.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sistemas antixeada e antisarabia, etc.
<ul style="list-style-type: none"> - No que se refire á maquinaria, o aluguer como alternativa á compra só se permitirá cando se xustifique economicamente mediante a presentación dun informe realizado por técnico competente. - Os vehículos para transporte interno usaranse exclusivamente para este fin. O titular dos vehículos será a organización de produtores. - Os vehículos para acceso ás explotacións serán de uso exclusivo para o persoal ao servizo da OP na realización das súas actividades e o importe da adquisición estará limitado a 18.000 € no caso de utilitarios, que se poderá elevar a 28.000 € se se trata de vehículos todoterreo. O titular dos vehículos será a organización de produtores. - Os vehículos poderanse financiar mediante arrendamento financeiro (<i>leasing</i>). Neste caso, non serán subvencionables os gastos recollidos no número 14 do anexo VIII do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007. - Só se subvencionarán as plantas perennes (que permanezan polo menos 3 anos en campo). 	<p>1.2. Medios de produción.</p> <p>Maquinaria e apeiros. (1.2.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Maquinaria específica para levar a cabo os labores dos cultivos para os que está recoñecida a organización de produtores ou, en caso de que esta maquinaria non fose exclusiva deses cultivos, xustificación de que se vai empregar nos labores deses cultivos. <p>Vehículos. (1.2.2.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vehículos para: <ul style="list-style-type: none"> • O transporte interno de produto da OP • O acceso ás explotacións. <p>Chantóns. (1.2.3.)</p> <p>Outros medios de produción. (1.2.4.)</p>

2. MEDIDA DIRIXIDA A MELLORAR OU MANTER A CALIDADE DOS PRODUTOS

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 60 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Condicións de subvencionabilidade	Descrición
<ul style="list-style-type: none"> - Os instrumentos informáticos deberanse destinar á actuación descrita, excluíndose de forma explícita o seu uso para cuestións administrativas. - Deberase presentar un certificado dunha empresa acreditada para estes fins. 	<p>2.1. Calidade e seguranza alimentaria.</p> <p>2.1.1. Mellora da rastrexabilidade. (2.1.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición de instrumentos de xestión e análise para sistemas de rastrexabilidade: programas informáticos, lectores, etc. <p>2.1.2. Implantación e mellora de sistemas de xestión de calidade de produto. (2.1.2.)</p> <p>2.1.3. Implantación e mellora de sistemas de xestión de calidade de proceso. (2.1.3.)</p> <p>2.1.4. Construción de laboratorios e equipamento (material de laboratorio non funxible) (2.1.4.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra civil e gastos de material non funxible (microscopios, material de laboratorio, etc.). <p>2.1.5. Gastos de certificación de produción integrada e produción ecolóxica e outros sistemas protocolizados de calidade. (2.1.5.)</p> <p>2.1.6. Análise. (2.1.6.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Gastos relacionados con análise cuxo obxectivo sexa o de controlar a situación ambiental en todo o ámbito da produción (solo, auga, etc.). <p>2.1.7. Gastos en trampas, mosqueiros, depredadores naturais, feromonas, extractos vexetais, microorganismos, plantas repelentes e/ou calquera outro material de protección vexetal excluíndo produtos químicos respectuosos co ambiente, derivados da implantación de sistemas de calidade distintos de produción integrada e ecolóxica. (2.1.7.)</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Respetar o artigo 16.1. deste real decreto. Para xustificar que o persoal é cualificado deberase achegar unha descrición e xustificación da cualificación do posto de traballo ou do traballo que se vai realizar. 	<p>2.2. Persoal para a mellora ou mantemento da calidade ou de protección ambiental.</p> <p>2.2.1. Gastos de persoal que contribúan á mellora ou ao mantemento da calidade ou do ambiente de acordo co anexo VIII, número 2, letra b) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007. (2.2.1.)</p>

3. MEDIDA DIRIXIDA A MELLORAR A COMERCIALIZACIÓN

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 80 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionabilidade
<p>3.1. Infraestrutura e equipamentos.</p> <p>3.1.1. Obra civil. (3.1.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> Adquisición/construción de naves, construción de centrais hortofrutícolas, industrias de transformación, acondicionamento e cuberta de espazos para recepción ou expedición de produtos hortofrutícolas, ampliación de centros de transformación, construción de peiraos de recepción e expedición, illamentos de naves, acondicionamento de solos; mellora, acondicionamento e reforma dos elementos anteriores, así como os seus proxectos de execución, vías de acceso ás centrais hortofrutícolas, etc. Adquisición/construción de tendas retailistas; mellora, acondicionamento e reforma dos elementos anteriores, así como os seus proxectos de execución, etc. <p>3.1.2. Maquinaria, instalacións e equipamentos. (3.1.2.)</p> <ul style="list-style-type: none"> Instalación de maquinaria de manipulación, clasificación e presentación; maquinaria para limpar, pelar e torar, maquinaria de selección e calibración, maquinaria para envasar, instalacións eléctricas en nave ou en central, maquinaria confección de "cuarta gama", maquinaria para a transformación ou para a valorización de subprodutos da transformación, envolvedoras, etiquetadoras, túneles de lavado de caixas, transformadores e instalacións eléctricas. Mellora e acondicionamento dos elementos anteriores, etc. Instalación de básculas, fitas transportadoras, maquinaria limpafitas, paletizadores, despaletizadores e empilladoras de envases, transportadores aéreos de caixas, carretas elevadoras e transpalés. Equipamento frigorífico. Instalacións e equipamento necesario para unha tenda retailista. <p>3.1.3. Equipamento informático. (3.1.3.)</p> <ul style="list-style-type: none"> Sistemas de control de produción e rastrexabilidade (programas informáticos, lectores, etc.), automatización e clasificación de liñas de produción (hardware e software). Implantación de canle web e de sistemas de información e comunicación mediante mensaxes a móbiles. <p>3.1.4. Envases e palés de campo que se utilicen máis dun ano. (3.1.4.)</p> <p>3.1.5. Outros investimentos en infraestrutura e equipamentos. (3.1.5.)</p>	<ul style="list-style-type: none"> No que se refire tanto á obra civil como á maquinaria, instalacións e equipamentos, o aluguer como alternativa á compra só se permitirá cando se xustifique economicamente mediante a presentación dun informe realizado por técnico competente. As vías de acceso dimensionaranse en función do tráfico que vaian soportar derivado da actividade da OP. No caso de tenda retailista, esta só será elixible se máis do 50% do valor dos produtos que se venden nela son froitas e hortalizas para os cales a organización de produtores está recoñecida e foron producidas por ela ou por outras organizacións de produtores. <p>O equipamento informático deberase destinar á actuación descrita, excluíndose de forma explícita o seu uso para cuestións administrativas.</p> <ul style="list-style-type: none"> Os sistemas de información e comunicación só serán subvencionables se contribúen á consecución dun ou máis obxectivos dos establecidos nos artigos 103 quáter, número 1, e 122, letra c), do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello.

Condicions de subvencionabilidade	Descrición
	<p>3.2. Medios para a comercialización.</p> <p>3.2.1 Realización de estudos de mercado e programación da produción. (3.2.1.)</p> <p>3.2.2 Promoción comercial. (3.2.2.)</p> <p>Promoción xenérica, de marcas da OP e/ou de etiquetas de calidade mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creación de sitios de internet, • Publicidade (en medios da comunicación audiovisual -cine, cadeas especializadas de televisión-, anuncios radiofónicos, en prensa xeral e especializada, en prensa de xornadas e congresos, pósters, paneis publicitarios, etc), • Publicidade específica nos envases finais que chegan ao consumidor: adhesivos ou sobrecurso da impresión no envase. • Publicidade nas pezas de froita: adhesivos • Iniciativas pedagóxicas destinadas aos nenos e adolescentes nos centros de ensino, • Inicativas de información aos consumidores nos lugares de venda, • Folletos de información sobre os produtos e receitas, pasatempos infantís, etc. • Material de concursos (premios, folletos) que promovan o consumo de froitas e hortalizas. • Participación en feiras relacionadas coa actividade de froitas e hortalizas: <ul style="list-style-type: none"> • Custo dos postos (aluguer do solo, deseño, montaxe, elementos), azafatas e outro persoal do posto, actividades de animación, etc. • Asistencia de persoal da OP/AOP. <p>3.2.3 Persoal cualificado para a mellora do nivel de comercialización. (3.2.3.)</p> <p>3.2.4 Accesorios para medios de transporte frigorífico ou en atmosfera controlada. (3.2.4.)</p> <p>3.2.5 Apertura de oficinas comerciais no exterior. (3.2.5.)</p> <ul style="list-style-type: none"> o Adquisición/construción da obra civil o Instalacións e equipamento. o Persoal (aplica o establecido para o persoal da acción (3.2.3))
	<ul style="list-style-type: none"> - No caso da promoción comercial, deberase cumprir co establecido no número 15 do anexo VIII do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007. - Dentro da actuación "Promoción comercial" non se poderán incluír investimentos ou conceptos de gasto que reciban subvención a través doutras vías. - No caso da promoción comercial, deberase presentar un plan de promoción que recolla polo menos os obxectivos do plan, as actuacións que se van realizar e, de ser o caso, a sinerxía entre elas, os destinatarios do plan e as principais mensaxes que se pretenda transmitir. - Só serán elixibles premios relacionados coa actividade de froitas e hortalizas (por exemplo, unha cesta de froitas, material para cocinar estes produtos, libros relacionados...) - No caso concreto da participación en feiras, en caso de que xa se reciba subvención por outra vía para algún dos investimentos ou conceptos de gasto dunha determinada feira, non se poderán incluír os outros no marco dos PO. - A asistencia de persoal da OP/AOP a feiras estará limitada ao persoal comercial contratado pola entidade para actividades comerciais. - Persoal: respectar o artigo 16.1 deste real decreto. Para xustificar que o persoal é cualificado deberase achegar unha descrición e xustificación da cualificación do posto de traballo ou do traballo que se vai realizar. Só se subvencionará persoal adicional ao xa contratado, ou persoal que realice unha nova actividade, comercialización de novos produtos, novas liñas ou en novos mercados, e como máximo durante un programa operativo (máximo 5 anos). - Na actuación 3.2.4 non se poderá incluír a cabina tractora nin ningún outro elemento que non sexa específico de frío ou atmosfera controlada. - No que se refire tanto á obra civil como á maquinaria, instalacións e equipamentos das oficinas comerciais no exterior, o aluguer como alternativa á compra só se permitirá cando se xustifique economicamente mediante a presentación dun informe realizado por un técnico competente.

4. MEDIDA DIRIXIDA A INVESTIGACIÓN E PRODUCCIÓN EXPERIMENTAL

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 30 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionabilidade
<p>4.1. Investimentos en instalacións ou terreos piloto. (4.1.1.)</p> <p>4.2. Personal cualificado dedicado á acción en exclusiva, ou xustificado con control horario. (4.2.1.)</p> <p>4.3. Material non funxible de laboratorio. (4.3.1.)</p> <p>4.4. Contratacións externas con centros de investigación. (4.4.1.)</p> <p>4.5. Adquisición de plantas perennes. (4.5.1.)</p> <p>4.6. Outros gastos en función das características da acción experimental e do grao de innovación e o risco que entraña esta. (4.6.1.)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar o artigo 15 deste real decreto. - O custo do persoal será independente do recollido no artigo 16.1. deste real decreto.

5. MEDIDA DIRIXIDA A FORMACIÓN E SERVIZOS DE ASESORÍA

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 30 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionabilidade
<p>5.1 Produción ecolóxica (5.1.1.).</p> <p>5.2 Produción integrada (5.2.1.).</p> <p>5.3 Outros aspectos ambientais (5.3.1.).</p> <p>5.4 Rastrexabilidade (5.4.1.).</p> <p>5.5 Calidade (5.5.1.).</p> <p>5.6 Formación e asesoría noutros aspectos propios do programa operativo (5.6.1.).</p>	

6. MEDIDA DIRIXIDA A PREVENCIÓN E XESTIÓN DE CRISE

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 33 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionabilidade
6.1. Retiradas (6.1.1.).	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar a Circular 33/2008 de retiradas do FEGA. - Respetar o artigo 11 deste real decreto. - Respetar a normativa ambiental e sanitaria establecida polas comunidades autónomas ou outros órganos competentes.
6.2. Recolección en verde e non recolección (6.2.1.)	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar a Circular 41/2008 de colleita en verde e non colleita do FEGA. - Respetar o artigo 12 deste real decreto. - Respetar a normativa ambiental e sanitaria establecida polas comunidades autónomas ou outros órganos competentes.
6.3. Formación destinada á prevención e xestión de crise. (6.3.1.)	<ul style="list-style-type: none"> - Poderanse subvencionar baixo esta actuación cursos ou xornadas que teñan por finalidade formar o persoal e os socios das OP no relativo a: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mecanismos dispoñibles para prevención e xestión de crise: <ul style="list-style-type: none"> • Descrición dos instrumentos e descrición do procedemento de aplicación. • Interese do uso destes mecanismos. ▪ Outros cursos ou xornadas relacionados con prevención e xestión de crise, sempre que a dita relación se xustifique no programa do curso ou xornada.
6.4. Promoción e comunicación destinada a prevención e xestión de crise. (6.4.1.)	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar o establecido no artigo 87 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007. Só se poderán incluír actuacións realizadas como consecuencia de: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Previsión de excedentes conxunturais. ▪ Previsión ou concentración real da oferta nun momento puntual. ▪ Prezos anormalmente baixos en momentos puntuais que poidan afectar o comportamento da campaña. ▪ Outras motivacións, como a diminución conxuntural do consumo debido a condicións climáticas desfavorables.
6.5. Custos administrativos derivados da constitución de fondos mutuais. (6.5.1.)	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar o establecido no artigo 91 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007.
6.6. Devolución do capital e pagamento dos xuros de préstamos contraídos polas organizacións de produtores para financiar medidas de prevención e xestión de crise. (6.6.1.)	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar o establecido no artigo 91 do Regulamento (CE) n.º 1580/2007. <p>As medidas de prevención e xestión de crise financiaranse ben directamente ben mediante os préstamos a que se refire este punto, sen que se poidan acumular ambas as dúas formas de financiamento.</p>

7. MEDIDA DIRIXIDA A OBXECTIVOS AMBIENTAIS

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 60 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

As actuacións subvencionables e as condicións que cumprir para este grupo son as establecidas nas directrices nacionais para accións ambientais definidas no artigo 2 deste real decreto.

8. OUTRAS ACCIÓNS, ACTUACIÓNS, INVESTIMENTOS E CONCEPTOS DE GASTO

O gasto para o conxunto da medida estará limitado ao 40 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condições de subvencionabilidade
<p>8.1. Fusións, adquisicións e participacións. (8.1.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Compra de terreos non edificadas cando sexa necesaria para efectuar un investimento incluído no programa, compra de bens inmóbeis, en ambos os dous casos de conformidade coas condicións establecidas no Regulamento (CE) n.º 1580/2007. • Investimentos en accións de empresas, incluídos os investimentos en industrias, se o investimento contribúe ao logro dos obxectivos do programa operativo. • Gastos xurídicos e administrativos derivados das fusións ou adquisicións de organizacións de produtores e da creación de organizacións de produtores transnacionais ou asociacións de produtores transnacionais. Estudos de viabilidade e propostas que as organizacións de produtores encargasen neste ámbito. 	<p>Só se poderán incluír accións de empresas que realicen actividades con produtos ou servizos da OP.</p>
<p>8.2. Gastos xerais (8.2.1.)</p>	<p>Cumprir co establecido no anexo VIII, número 2, letra a) do Regulamento (CE) n.º 1580/2007</p>
<p>8.3. Estudos (8.4.1)</p> <p>Realización de estudos distintos aos recollidos na actuación 3.2.1 deste anexo.</p>	<p>- Os estudos deberán contribuir aos obxectivos recollidos no artigo 103 quáter do Regulamento (CE) n.º 1234, do Consello, do 22 de outubro.</p>
<p>8.4. Outras accións non incluídas nos números anteriores conducentes á consecución dos obxectivos indicados no artigo 103 quáter do Regulamento (CE) n.º 1234, do Consello, do 22 de outubro (8.3.1.)</p>	